

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do *Diario de Ferrol*, o día 3 de xullo de 2005 e no número 1.183 do semanario *A Nosa Terra* na semana do 7 ao 13 de xullo de 2005.-

Muller atrapada nun xardín

Para Anxos Sumai.

Que se pode dicir dunha muller con cabelo de cor cenoria capaz de escoitar o berro das cereixas dentro da súa pel vermella, dunha muller que se contempla nun estanque e se sente inacabada, dunha muller que combate a tristura poñéndose a comer anchoas, dunha muller cunha alma que procura as brétemas do norte para poder aniñar coma un paxaro, dunha muller que cando sente saudade de si mesma regresa á súa casa de Catoira para reencontrarse co seu paraíso abandonado, que non perdido, dunha muller que se confesa atrapada nun xardín e que utiliza o crecemento das glicinia e as gardenias como instrumentos para medir o tempo, dunha muller que anda a crear en Compostela unha pequena tribo de grandes amigos?

Cal será o material do que están construídas as mellores melodías? Que ingredientes se utilizan na mestura? Que moléculas se necesitan? A de Anxos Sumai é unha explosión de sensibilidade dende as súas primeiras liñas, "*Solidificábase nun raio verde a treboada sobre os cimos dos piñeiros*". É un calidoscopio de cores, de arrecendos e de sabores. As rúas son de rosa pálido, o mar de azul turquesa, os melocotóns destilan unha intensa luz alaranxada e no cartel dun circo un león vermello pinta a súa nota de cor rechamante sobre un fondo amarelo intenso. Entrementres a casa de Catoira échese co ulido da leña queimada cando a nai acende a cociña logo de moitos meses sen usala, e o faiado ten o ulido das cebolas, das patacas, da terra reseca, e do xofre de azul intenso que o pai utiliza para sulfatar as viñas... A melodía deixa na boca o

sabor dos amorodos e as amoras, e das cereixas, e tamén do guiso de luras e das cañas cos amigos na Barraca...

Que dicir dun libro no que resoan as notas do Requiem de Mozart, pero tamén as de Eminem, e Nirvana, e María Callas, e Dismal Euphony, e Frank Zappa... e tamén se escoita a letra dun bolero ou dun corrido mexicano na voz dunha veciña que chega dende fóra por unha fiestra que dá ao patio. Que dicir dun libro que deixa nos ouvidos unha lenta pero moi agradábel resaca de sons variados?

Pero que é a *Melodía de días usados*? Podería ser unha novela capaz de manter viva no lector a intriga de saber o que vai acontecer ao día seguinte, porque en realidade é un diario. Un diario que se pode ler de corrido ou saltando dunha páxina a outra, avanzando cara adiante e logo retrocedendo para logo volver avanzar, como pasaba naquela *Rayuela* de Julio Cortázar. Ou será un poema moi, moi longo de trescentas oitenta e unha páxinas? Ou é unha compilación de microrrelatos que retrata a realidade de xeito impresionista a base de esgazala en pequenos retallos?

Detrás de cada liña descubrimos a linguaxe dunha gran poeta capaz de facer unha narrativa de irreprimíbel lirismo cos ingredientes máis inesperados: dous amigos que procuran piso en Santiago, o amor representado por un efémero mosqueteiro que aparece e desaparece, porque na *Melodía* os heroes están feitos da mesma carne ca nós, e teñen a mesma pel, e os mesmos músculos, e o mesmo sangue. Son unha veciña que canta corridos mexicanos, ou Lola, unha anciá de rostro amarelo desconcertada pola inexorábel deterioración do seu cerebro, ou Joel, un pequeno peruano de seis anos recen adoptado por unha familia de Catoira que ten “*o pelo encrespado e uns ollos*

profundamente negros”, ou un veciño co que compartir conversas nun balcón á hora do solpor, “A felicidade, veciña, caduca como os iogures”, ou un condutor de autobús que se nega a devolver un libro porque quere lelo, ou un mozo que toca a gaita de xeito penoso nunha rúa de Santiago... “Estou convencida de que as vidas de cada un de nós, por moi anódinas que sexan, son grandes novelas que se van construíndo día a día. Xa non é tempo de heroes. É nas cousas pequenas, case nas anécdotas, onde se nos permite perdurar e ser grandes”.

Que dicir dunha Melodía pola que os acontecementos do día a día esvaran coma pequenas pingas de chuvia polos cristais da fiestra dende a que se contempla a vida? Unha pinga polos lumes que arrasaron os montes de Portugal en xullo do dous mil tres, e outra por Luísa Villalta, *“que morreu como unha andoriña de primavera”*, e outra pola tía Moncha, e outra por Rita, a sobriña recen nacida, e outra por aquel concerto de Van Morrison suspendido por mor da chuvia, e outra por cada morto e cada ferido dos atentados daquel once de marzo maldito, e outra pola primeira televisión que houbo na aldea, e outra polo terremoto do Irán, e outra polos mortos sementados acotío polas rúas de Bagdad. *“Falamos da tele, de política e da carpa de Nunca Máis. Falamos do idioma, que eu sempre acabo dando unha visión pesimista.”* Anxos Sumai é capaz de cazar instantes coa ollada para logo deixalos pendurados da memoria para sempre.

“Pola noite chamei a mamá.

-Mamá, non teño a cabeza na terra –díxenlle.

-¡Boh! Pensei que che pasaba algo malo. A cabeza na terra só a teñen os allos.”

Que mais se pode dicir dunha muller que se confesa atrapada nun xardín? Quizais pedir que siga por moito tempo atrapada.

Nota do autor: Todas as citas están extraídas de *Melodía de días usados*, de Anxos Sumai, editado por Galaxia.

© Xesús Constela Doce, 2005